

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xaneiro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Programación do traballo parlamentario para o período de sesións do 15 de xaneiro ao 15 de xullo de 2017.

Logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces do 10 de xaneiro de 2017, a ordenación do traballo parlamentario e o calendario de actividades quedan como segue:

I. Reunións da Mesa

A Mesa reunirase con carácter xeral os martes de cada semana, ás 10.30 horas.

De coincidir cunha sesión plenaria, pódese adiantar, aprazar ou convocar a reunión para outra data.

II. Reunións da Xunta de Portavoces

Reunirase habitualmente e con carácter quincenal os martes da semana anterior á convocatoria dunha sesión plenaria, ás 11.30 horas, sen prexuízo de facelo noutra data se así o esixise a dinámica de traballo parlamentario.

III. Reunións de Pleno

Os Plenos terán lugar, con carácter regular, cada quincena.

As sesións comezarán os martes, ás 10:00 horas para continuar ao día seguinte, dependendo, en todo caso, do criterio da Xunta de Portavoces e da densidade da orde do día. A finalidade é posibilitar o seu desenvolvemento en dous días, martes e mércores.

IV. Contido das ordes do día

O réxime para configurar as ordes do día das sesións do Pleno da Cámara do período ordinario de sesións, é a seguinte:

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. de En Marea
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Servizo de Asistencia Parlamentaria



PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAÍDA
12 XAN. 2017
Núm. 965

A) Respectando os criterios para a inclusión dos asuntos na orde do día do pleno previstos no artigo 72 do Regulamento e garantindo os mínimos previstos na dita norma, en cada sesión plenaria incluíranse:

a) Interpelacións

Tres (3) interpelacións, que se distribuirán atribuíndose, de xeito alternativo, aos grupos parlamentarios de En Marea (EM), dos Socialistas de Galicia (S) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

A ordenación do debate, de cara a posibilitar o tratamento do maior número posible de iniciativas nos plenos, constará das roldas de intervención do ou da interpelante e da Xunta de Galicia, coa correspondente rolda de réplica.

Distribuiranse de xeito proporcional entre os grupos da oposición, de tal xeito que no período de sesións que conta con doce (12) sesións (excluíndo as dúas orzamentarias), a distribución das trinta e seis (36) interpelacións é a seguinte:

- 15 ao G.P. de En Marea (EM)
- 15 ao G.P. dos Socialistas de Galicia (S)
- e 6 ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG)


O citado reparto proporcional levarase a cabo sen prexuízo do dereito á inclusión de interpelacións polo Grupo Parlamentario Popular cando o solicite e dentro dos límites regulamentarios e sen prexuízo das citadas no apartado anterior de distribución entre os grupos da oposición.

b) Proposicións non de lei

Oito (8) proposicións non de lei, distribuídas de xeito proporcional entre os grupos parlamentarios.

Os tempos do debate serán de dez minutos para o autor da proposición non de lei, cinco para cada grupo parlamentario na rolda de fixación de posicións e tres na rolda de peche e pronunciamento sobre as emendas. Os mesmos tempos aplicaranse ás mocións subseguintes ás interpelacións. As intervencións de tres minutos faranse dende o escano.

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. de En Marea
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Servizo de Asistencia Parlamentaria



c) Preguntas ao Goberno

Nove (9) preguntas ao Goberno, distribuídas de xeito proporcional entre os grupos parlamentarios, das que unha por grupo poderá ter a consideración de urxente, conforme ao artigo 155.5 do Regulamento. As preguntas ordinarias será unha por grupo, agás no caso dos grupos parlamentarios de En Marea e dos Socialistas de Galicia que terán, alternativamente, unha máis por Pleno.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia poderá, en todo caso, suplementar unha máis cando o solicite e nese caso a orde do día incluírá dez (10) preguntas.

d) Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Tres (3) preguntas ao presidente da Xunta distribuídas de xeito proporcional, conforme ao disposto no artigo 152.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

B) Tenderase a acadar unha presenza homoxénea ao longo do período de sesións das iniciativas dos distintos grupos parlamentarios.

V. Calendario de reunións do Pleno para o período de sesións do 15 de xaneiro ao 15 de xullo de 2017

En principio, con carácter flexible, propóñense as seguintes datas:

<i>Meses</i>	<i>Días</i>	
xaneiro	16 (orzamentario)	24/25
febreiro	6 (orzamentario) 7/8	21/22
marzo	7/8	21/22
abril	4/5	25/26
maio	9/10	23/24
xuño	6/7	20/21
xullo	11/12	

VI. Distribución de iniciativas entre as doce sesións plenarias do período de sesións (excluindo as dúas orzamentarias)

Portavoz do G.P. Popular de Galicia

Portavoz do G.P. de En Marea

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Servizo de Asistencia Parlamentaria

Con carácter orientativo a distribución de iniciativas será a seguinte:

	G.P. POPULAR	G.P. de EN MAREA	G.P. dos SOCIALISTAS	G.P. do BNG
1	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 2 INT 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 0 INT 1 POPX 1 PURX 1 POP
2	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 2 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 0 MOC 1 INT 1 POPX 1 PURX 1 POP
3	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 1 MOC 2 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 0 INT 1 POPX 1 PURX 1 POP
4	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 2 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 0 MOC 1 INT 1 POPX 1 PURX 1 POP
5	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 2 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 0 INT 1 POPX 1 PURX 1 POP
6	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 2 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 0 MOC 1 INT 1 POPX 1 PURX 1 POP
7	2 PNL 1 PURX	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX	2 PNL 1 MOC 2 INT. 1 POPX 1 PURX	2 PNL 1 MOC 0 INT 1 POPX 1 PURX

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
 Portavoz do G.P. de En Marea
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
 Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
 Servizo de Asistencia Parlamentaria

12 XAN. 2017

Núm. 965

	1 POP	2 POP	1 POP	1 POP
8	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 2 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 0 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP
9	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 2 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 0 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP
10	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 2 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 0 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP
11	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 1 MOC 2 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 0 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP
12	2 PNL 1 PURX 1 POP	2 PNL 1 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP	2 PNL 2 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 2 POP	2 PNL 0 MOC 1 INT. 1 POPX 1 PURX 1 POP

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 11/01/2017 14:17:42

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. de En Marea
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Servizo de Asistencia Parlamentaria